

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL

##### Subvencións e axudas

*EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O A NO 2023*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 24 DE XANEIRO DE 2023 POLO QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONES A ENTIDADES DEPORTIVAS PARA A ORGANIZACIÓN DE CAMPIONATOS, EVENTOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O A NO 2023*

*BDNS(IDENTIF.):674757*

*De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:*

*(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/674757>)*

#### 1. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases reguladoras das subvencións para entidades deportiva, para a organización de campionatos, eventos ou actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023.

#### 2. Financiamento

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 23/340.3410.489.04 do Orzamento da Deputación para o ano 2023 por un importe total de 300.000,00 euros.

O importe total das subvencións distribuirase en diferentes créditos por liñas de actuación, sendo esta a seguinte:

Liña 1.....	180.000,00 €
Liña 2.....	120.000,00 €



### 3. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias desta convocatoria as entidades deportivas sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e con domicilio fiscal na provincia de Pontevedra, excepto as federacións deportivas galegas e españolas, que poderán ter o domicilio fiscal fora da provincia de Pontevedra.

Non poderán beneficiarse as entidades nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) . e que teñan pendente de xustificar axudas concedidas no exercicio anterior para o mesmo programa.

### 4. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

### 5. Outros datos de interese

5.1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

5.2. Procedemento de concesión: concorrencia competitiva

5.3. Criterios de valoración: os establecidos na base décimo terceira

5.4. Gastos subvencionables: os establecidos na base quinta

5.5. Forma de pago: transferencia

5.6. A xustificación conterà a seguinte documentación:

**Conta xustificativa**, na que se relacionarán os conceptos de gastos por un importe igual ou superior ao orzamento presentado coa solicitude. Anexos II (conta xustificativa) e III (continuación).

- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % do orzamento valorado, aboarase a parte proporcional da subvención.
  - Na conta xustificativa especificaranse as facturas presentadas para xustificar a subvención concedida, e declararase que esas facturas non se utilizaron para xustificar outras subvencións.
  - Na xustificación de ingresos, relacionaranse con detalle o financiamento obtido para a finalidade subvencionada:
1. Cando as actividades fosen financiadas, a maiores da subvención concedida, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.



Xoves, 9 de febreiro de 2023

Núm. 28

2. No caso que da suma da subvención concedida e da suma dos ingresos obtidos con outras subvencións ou axudas, os clubs superen o custo da finalidade subvencionada ou obtiveran beneficios, aboarase a parte proporcional da subvención para que non supere o custe da actividade subvencionada.
- **Facturas ou documentos análogos** con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicaranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios e o prezo total de cada unidade.
- **Memoria** (anexo IV) na que se xustifiquen as medidas de publicidade e difusión da subvención, por medio de fotografías que mostren de forma clara e inequívoca cada unha das actuacións requiridas.

No caso de que as entidades non xustificasen correctamente as medidas de publicidade e difusión, constituirá unha infracción e poderá ser sancionable por parte do servizo instrutor, e reducirase a correspondente subvención.

5.7. Medidas de difusión: as establecidas na base décimo sétima.

Pontevedra, 02/02/2023.

A presidenta — María del Carmen Silva Rego.

